EXPEDIENTE 2024/G010/000015. PLENO SESIÓN ORDINARIA 9 DE XANEIRO DE 2025.

ACTA Nº 2025/01

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro

Data: xoves 9 de xaneiro de 2025

Hora de comezo: 21.07 horas

Hora de remate: 23.00 horas

PRESIDE:

ROBERTO CASTRO ROCAMONDE (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUAREZ MILLAN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
JOSE LUIS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión ordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. EXPEDIENTE 2024/G010/000014. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 12 de decembro de 2024. Aprobación da acta da sesión.
2. EXPEDIENTE 2024/A008/000048. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+Adicional 3/2025”. Aprobación da solicitude de participación.
3. EXPEDIENTE 2024/A008/000049. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2025. Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025. Aprobación da solicitude de participación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: yKEWakQ+WZCL8RSll5z3
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

II PARTE DE CONTROL

4. EXPEDIENTE 2024/G006/0000419. Decretos da Alcaldía ditados entre o entre o 9 e o 30 de decembro de 2024. Toma de razón.
5. Mocións
6. Rogos e preguntas

De seguindo trátanse

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1 EXPEDIENTE 2024/G010/000013. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN ORDINARIA DO 12 DE DECEMBRO DE 2024. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

12.12.2024. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 12 de decembro de 2024.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

2 EXPEDIENTE 2024/A008/000048. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+Adicional 3/2025". Aprobación da solicitude de participación.

Consta no expediente a seguinte proposta de acordo, dictaminada favorablemente, pola Comisión de asuntos xerais celebrada o 30 de decembro de 2024.

ANTECEDENTES

1. O 29/11/2024 o Pleno da Deputación da Coruña aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2025 (BOP núm. 233 do 03/12/2024), que na súa base 14 regula o POS+Adicional 3/2025 para a redución da débeda de 76 concellos coa Deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans 2015 a 2023, ou, no caso dos 17 concellos sen esta débeda, para o financiamento de gasto corrente 2025, onde establece de xeito textual:

Os 76 concellos que se relacionan na base 14.3, que teñen unha débeda con esta deputación pola utilización do préstamo provincial do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, (POS+) 2017 a 2023, tanto o préstamo provincial solicitado para minorar a débeda do concello con

CVD: yKEWakQ+WZCL8RSll5z3
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

entidades financeiras, como o solicitado para o financiamento de investimentos, deberán aplicar necesariamente a achega provincial asignada neste Plan á redución desta débeda.

2. Circular sobre a elaboración do POS+ADICIONAL 3/2025 para a redución da débeda de 76 concellos coa Deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans 2015 a 2023 e para o gasto corrente de 17 concellos onde consta:

POS+ AD3/2025	***Redución da débeda do concello coa deputación pola utilización de préstamo provincial dos plans 2015-2023***	***Gasto corrente***
Achega provincial asignada	***135.017,93 €***	

3. O prazo de presentación da solicitude de participación remata o 07.02.2025 ás 15:00 horas.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

O POS+ 2025 configúrase como un plan provincial de investimentos locais, que elaborará a Deputación provincial tendo en conta os plans municipal que elabora o concello.

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local – LRBRL – e aos artigos 32 e 33 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, en relación co artigo 36.2 a) da LRBRL, establece que trátase dunha delegación de competencias municipais.

O artigo 27 da LRBRL, en relación co artigo 47.2 h) daquela, a competencia para aprobar as delegacións de competencias correspóndelle ao Pleno do Concello e que dita o acordo terá que adoptarse por maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 3/2025" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

POS+ AD3/2025	***Redución da débeda do concello coa deputación pola utilización de préstamo provincial dos plans 2015-2023***	***Gasto corrente***
Achega provincial asignada	***135.017,93 €***	

SEGUNDO. *Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

TERCEIRO. *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓN

Procédese a votación da referida proposta de solicitude participación no POS+Adicional 3/2025, resultando aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: yKEWakQ+WZCL8RSll5z3
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3 EXPEDIENTE 2024/A008/000049. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2025. Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025. Aprobación da solicitude de participación no plan.

Consta no expediente a seguinte proposta de acordo, dictaminada favorablemente, pola Comisión de asuntos xerais celebrada o 30 de decembro de 2024.

ANTECEDENTES

O 29/11/2024 o Pleno da Deputación da Coruña aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2025 (BOP núm. 233 do 03/12/2024), que na súa base 12 regula o POS+Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025, onde establece de xeito textual:

O POS+Adicional 1/2025 ten como finalidade apoiar ós servizos sociais municipais, permitíndolles incrementar o seu gasto social extraordinario e a tramitación urxente das prestacións sociais necesarias en situacións de risco de exclusión, freando e previndo tanto a cronificación como o círculo vicioso da desigualdade social, incidindo nos fenómenos que xeran malestar e conflito ás persoas máis vulnerabilizadas e procurando o benestar social do conxunto da poboación dos municipios.

A xestión deste POS+ Adicional 1/2025 realizarase a través da Sección de Servizos Sociais do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes desta deputación.

O prazo de presentación da solicitude de participación remata o 15.01.2025 ás 15:00 horas.

26.12.2024. Informe técnico dos servizos sociais municipais no que se acredita o cumprimento dos requisitos recollidos nos distintos apartados da base 12.1

26.12.2024. Informe de secretaría-intervención sobre gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025, onde consta:

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	**PREVISIÓN DE GASTOS**	**ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS**	**ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO**
	(A)	(B)	(C=A-B)
a. Reforzo - ampliación de **persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello** mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios.	14.400,00 €	0,00 €	14.400,00 €
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a **axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social** segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.	14.000,00 €	0,00 €	14.000,00 €
c. Dotación das partidas municipais destinada a cubrir a parte da achega municipal ao **servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade dependencia**, incluíndo aquela que corresponde ás horas xa concedidas.	690.000,00 €	387.200,00 €	302.800,00 €
d. Ampliación do **servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico** na modalidade **libre concorrencia.**			
e. Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico de **servizos específicos:** servizo de Xantar na casa, servizo de Comedor sobre rodas e servizo de Lavandaría.			
f. Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de servizos e atencións de carácter complementario			
g. Creación ou ampliación dos servizos para o **respiro e a conciliación familiar a unidades de convivencia** que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais			
h. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables e sexan debidamente xustificadas.	3.121,80 €		3.121,80 €
TOTAL GASTOS CORRENTES	**721.521,80 €**	**387.200,00 €**	**334.321,80 €**

CVD: yKEWakQ+WZCL8RSll5z3
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

O POS+ 2025 configúrase como un plan provincial de investimentos locais, que elaborará a Deputación provincial tendo en conta os plans municipal que elabora o concello.

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local – LRBRL – e os artigos 32 e 33 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, en relación co artigo 36.2 a) da LRBRL, establece que trátase dunha delegación de competencias municipais.

O artigo 27 da LRBRL, en relación co artigo 47.2 h) daquela, a competencia para aprobar as delegacións de competencias correspóndelle ao Pleno do Concello e que dita o acordo terá que adoptarse por maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

A cantidade do POS+ADICIONAL 1/2025 asignada ao concello para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025 é de 78.760,46 €

Os gastos extraordinarios aos que o Concello pode aplicar o financiamento do POS+ ADICIONAL 1/2025 son previstos na base 12.1 das Bases reguladoras do POS+ 2025 e reflectidos nos referidos informes técnicos.

Ao abeiro do informe técnico dos servizos sociais municipais no que se acredita o cumprimento dos requisitos recollidos nos distintos apartados da base 12.1 e do Informe de secretaría-intervención sobre gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2025" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2025	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2025	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes.	721.521,80 €	387.200,00 €	334.321,80 €	78.760,46 €	255.561,34 €
Investimentos: Tipoloxía i	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Investimentos: Tipoloxía h	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	721.521,80 €	387.200,00 €	334.321,80 €	78.760,46 €	255.561,34 €

IMPORTES SOLICITADOS	
I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	78.760,46 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Tipoloxía i	0,00 €
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Tipoloxía j	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)	78.760,46 €

SEGUNDO. Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: yKEWakQ+WZCL8RSll5z3
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

TERCEIRO. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓN

Procédese a votación da referida proposta de solicitude participación no POS+ 2025. Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025, resultando aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

II PARTE DE CONTROL

3 EXPEDIENTE 2024/G006/0000419. DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS ENTRE O ENTRE O 9 E O 30 DE DECEMBRO DE 2024. TOMA DE RAZÓN.

ANTECEDENTES

Decretos da Alcaldía ditados entre o 9 e 29 de decembro de 2024.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. O Pleno do concello toma coñecemento sucinto dos Decretos da Alcaldía ditados entre o 9 de decembro de 2024 e o 2 de xaneiro de 2025 (artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais):

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2024/G003/000419	EXPEDIENTE 2024/G010/000014. Pleno sesión ordinaria 12 de decembro de 2024. Convocatoria.	394/2024	09-12-2024
2024/G003/000420	EXPEDIENTE 2024/G007/000025. Xunta Goberno Local sesión extraordinaria 13 de decembro de 2024. Convocatoria.	395/2024	12-12-2024
2024/G003/000421	EXPEDIENTE 2024/G006/000399. Aprobación nóminas extra decembro 2024.	396/2024	13-12-2024
2024/G003/000422	EXPEDIENTE 2024/T002/000017. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos. INVESTIMENTOS POS ADICIONAL 2/2024 – 2ª FASE e POS ADICIONAL 3/2024.	397/2024	17-12-2024
2024/G003/000423	EXPEDIENTE 2024/G007/000026. Xunta Goberno Local sesión extraordinaria 19 de decembro de 2024. Convocatoria.	398/2024	18-12-2024
2024/G003/000425	EXPEDIENTE 2024/G003/000425. Cristina Andújar Garrido. Recoñecemento de produtividade (mes de decembro 2024)	399/2024	20-12-2024
2024/G003/000426	EXPEDIENTE 2024/G003/0004026 Horas extraordinarias realizadas fora da xornada laboral decembro 2024.	400/2024	20-12-2024
2024/G003/000427	EXPEDIENTE 2024/G003/000427. Decreto quilometraxe e dietas para incluír na nómina do mes de decembro de 2024	401/2024	20-12-2024
2024/G003/000428	EXPEDIENTE 2024/S002/000076. Solicitude Servicio Axuda no Fogar	402/2024	20-12-2024
2024/G003/000424	EXPEDIENTE 2024/E003/000001 Aprobación de Oferta de Emprego Público 2024.	403/2024	26-12-2024
2024/G003/000429	EXPEDIENTE 2024/C008/000002 Indemnización de danos e prexuízos por incumprimento de contrato	404/2024	26-12-2024
2024/G003/000431	EXPEDIENTE 2024/G012/000007. Comisión informativa de asuntos xerais. Sesión ordinaria do 30 de decembro de 2024.	405/2024	26-12-2024
2024/G003/000430	EXPEDIENTE 2024/G003/000430 Pago liquidación nuncio urxente DOG, correspondente á aprobación da oferta de emprego público 2024.	406/2024	26-12-2024
2024/G003/000432	EXPEDIENTE 2024/G007/000027, Xunta Goberno Local sesión extraordinaria 30 de decembro de 2024. Convocatoria.	407/2024	27-12-2024
2024/G003/000433	EXPEDIENTE 2024/G006/000418. Aprobación e pagamento seguro auto poliza 46069159 matrícula 0612FZL.	408/2024	27-12-2024

CVD: yKEWakQ+WZCL8RSll5z3
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O voceiro do BNG, Sr. Xoan Louzao, pregunta polo Decreto 404 relativo ao expediente iniciado contra unha empresa Hermanos Couto Fandiño, polo retraso na entrega dunha obra fora de prazo que fixo perder unha subvención por importe de corenta e un mil euros e dáselle un prazo de dez días para presentación de alegacións, non sei se a empresa presentou algún tipo de alegación ou como está ese trámite.

O sr. alcalde di que se recibiron alegacións estes días, están sen estudar e sen responder.

O Sr. Louzao di que nos sorprende, que a empresa presentouse a última hora, supoño que tería que facerse a obra a finais de 2023, hai unha falta de previsión clara por parte do Goberno, aínda que isto non xustifica o retraso da empresa, sabemos o que está pasando no Concello que case todas as empresas están presentando as obras con retraso; dándolle tres semanas para facer a obra sabendo que quedaba un mes para que acabara o ano e máis pagóuselle a factura a empresa non? E agora pídeselle nese expediente que resarza ao Concello, eu non entendo moi ben este procedemento, sinceramente, paréceme bastante chocante.

Intervén o secretario-interventor dicindo que non se lle pagou á empresa, está aprobada a factura porque a obra está executada e certificada, pero non está feito o pago. Pode haber un expediente de compensación, é dicir, a factura apróbase pero paralelamente pódese iniciar un expediente como é este de indemnización. Está sen pagar porque estase dentro do prazo do período medio legal de pago.

O pleno dase por enterado.

5 MOCIÓNS

Por urxencia foron presentadas dúas Moción polo Grupo Municipal do Partido Popular e unha polo Grupo Municipal do BNG, procedéndose á votación da urxencia antes do seu debate, sendo ratificada a urxencia pola unanimidade dos once Concelleiros que conforma a Corporación.

5.1. MOCIÓN PARA A INCLUSIÓN DE OBRAS NO POS+ 2025.

INTERVENCIÓNS:

O voceiro do Grupo Municipal defendeu a seguinte Moción explicando os motivos polo que propoñen incluír as citadas obras no POS, porque consideren que é o método adecuado para facelo. Ata o día de onte estivemos esperando a que se nos citara para estudar o POS e recibimos unha chamada onte pola mañá cando xa nos tiñamos acordado presentar esta Moción. Di que é unha proposta aberta, escoitaremos outras proposicións, se as hai.

MOCIÓN PARA A INCLUSIÓN DE OBRAS NO POS+ 2025, que presenta o grupo municipal do Partido Popular, conforme ao previsto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa inclusión por urxencia na orde do día do pleno ordinario do 9 de xaneiro de 2025:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aprobadas pola Deputación Provincial as bases reguladoras do Plan único de concellos (POS+ 2025), no que se asignan ao Concello as seguintes cantidades:

- Presuposto 2025(inversión/gasto corrente): 382.550,80 €

- EMC 5/2024 (inversión/gasto corrente): 371.299,31 €

- POS Social (Adicional 1/2025): 78.760,46 €

- Préstamo (Adicional 3/2025): 135.017,93 €

Conforme ás citadas bases, as cantidades previstas para as anualidades 2025 e 2024 poden destinarse a financiar gasto corrente ou investimentos, o adicional 1/2025 a gasto social e o adicional 3/2025 a redución da débeda coa Deputación Provincial.

PROPOSTA DE ACORDO:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: yKEWakQ+WZCL8RSll5z3
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1.º- Destinar integramente as achegas das anualidades 2025 e 2024, por un importe total de 753.850,11 euros, ao financiamento de investimentos en obras e servizos.

2.º- Propoñer a inclusión dos seguintes investimentos no POS+ 2025, fixando a súa prioridade pola orde en que se relacionan: Investimentos xa acordados en pleno:

- Mellora da seguridade viaria da pista de Andeade á Santaia, coa construción de sobreanchos entre 50 cm e 1 m por ambas marxes, a base de aglomerado asfáltico, nunha lonxitude de 1.700 metros: 45.000 €

- Instalación do ascensor na Casa do Concello: 60.000 €

Investimentos Patrimonio:

- Reparación do cruceiro de Calvos: 15.000 €

Reparación integral da piscina municipal: 100.000 €

- Construción dun vaso infantil

- Cambio azulexo fondo vaso piscina

- Recolocación das baldosas pavimento exterior con caída cara o vaso piscina (450 m2)

- Reparación canal de desborde piscina.

- Substitución placa sala depuradora e construción porta de acceso lateral - Reparación teito edificio servizos

- Reparación toma barredora

- Reposición das placas solares para auga quente. Alumeado público: 200.000 €

- Conversión a led dos alumeados que faltan e substitución dos cadros de mando, conforme ás recomendacións da auditoría realizada. Pavimentación de viales: 200.000 €

- Pista de Vilanova a Louredela e pista desde anterior a Loureda: lonxitude total 850 m, construción de sobreanchos, plataforma de 4 m, con aglomerado.

- Acceso nas Quintás (Circes), 50 m, formigón

- Acceso na Gordela, asfalto (90 x 2,84), asfalto

- Acceso fonte da Muiña, 60 x 3, asfalto

- Acceso campo de fútbol de Loxo, 60 x 4, aglomerado

- Pavimentación pistas interiores en Grixó

- Pavimentación pista interior en Obra (Foxás)

- Camiño de Vilar ao Salto de Calvos

- Construción de sobreanchos pista de Goleta a Cimadevila e ás Quintas: 2,6 km

Sinalización integral do Concello de Touro: 250.000 €

- Colocación de paneis informativos cos datos de cada parroquia

- Sinalización direccional das parroquias e aldeas do Concello

- Placas de numeración das edificacións do Concello.

Redes de sumidoiros:

- Rede de sumidoiros en Vilar (desde O Empalme ata o Casal): 100.000 €

3.º- Redactar os proxectos técnicos dos investimentos aprobados, distribuíndo os mesmos por anualidades, tendo en conta as cantidades asignadas a cada unha, e ao plan complementario, tendo en conta que os destinados á anualidade 2024 e ao plan complementario deben ser investimentos financeiramente sostibles.

4.º- Que se emitan os informes técnicos e xurídicos (Anexos V e VI), acordo sobre a non división en lotes (Anexo IX), xustificación dos investimentos financeiramente sostibles (Anexos VII e VIII) e demais esixidos nas bases que regulan o POS+ 2025.

5.º- Redactada e emitida a documentación anterior, someter á aprobación do pleno o expediente de solicitude de participación no Plan único de concellos (POS+ 2025).

A continuación, intervén Darío Rey Suárez, Concelleiro non adscrito, defendendo a seguinte emenda de substitución *Á MOCIÓN PARA A INCLUSIÓN DE OBRAS NO POS+ 2025, que presenta o grupo municipal do Partido Popular* explicando os motivos e o tipo de actuacións a realizar *co seguinte contido:*

CVD: yKEWakQ+WZCL8RSll5z3
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Substituír as seguintes obras:

- *Pavimentación pistas interiores en Grixó*
- *Pavimentación pista interior en Obra (Foxás)*
- *Camiño de Vilar ao Salto de Calvos*
- *Construción de sobreanchos pista de Goleta a Cimadevila e ás Quintas: 2,6 km*
- *Rede de sumidoiros en Vilar (desde O Empalme ata o Casal): 100.000 €*

Incluír os seguintes proxectos no seu lugar cunha prioridade, de todos eles coa excepción do aglomerado que se propón que iría no mesmo apartado de prioridade do apartado "pavimento de viales" que contén a proposta que se emenda, anterior ao apartado de investimentos en patrimonio:

Local social de Circes e entorno

-Adecuación do anexo ao local social de Circes con actuacións de aislamento e equipamento enfocadas á posta en marcha dun espazo adicado a cociña e usos varios.

-Demolición muro perimetral lindante coa carretera no local Social de Circes e construción dun novo de cachotería que permita a súa utilización para sentarse.

-Tellar o local social de Circes e remate da parte exterior colindante coa carretera.

-Camiño interior Os Chaos con aumento do ancho ao máximo e mellora do firme.

Reforma integral do local- escola de Cornado en Cillobre

-Reforma de todo o espazo coa finalidade de convertelo nun espazo de usos múltiples para uso veciñal.

-Habilitación de accesos e construción dun aparcamento que de servizo.

Cambio da cuberta do polideportivo, climatización do ximnasio e mellora do sistema de auga quente sanitaria.

Aglomerado da pista que une O Gandarón coa Fonte de Cillobre en Cornado.

Intervención arqueolóxica no Coto de San Sebastián.

A continuación di que quería pechar a intervención contextualizando de que vai esto do POS, eu cando era parte integrante deste goberno, polo mes de setembro, para que vexa a xente como procede este alcalde, o último POS que se aprobou, enterámonos dez minutos da celebración da Comisión os proxectos que se ían a aprobar o que significaba tomarnos por títeres, subir aquí e levantar a man, por certo o que el tanto ano criticou, eso foi o que pasou e naquel momento formando parte do goberno trasladeille nun correo electrónico tanto ao alcalde coma aos tenentes alcaldes que no tocante a miña persoa esa forma de actuar ía a rematar porque non me parece democrático, trasladáballe que dende aquel momento, inviteino a negociar e a día de hoxe non teño ningunha proposta, entendo que esta estratexia tampouco difire moito da que tiña o anterior alcalde que era traer un POS pechado cunha diferencia que el tiña a maioría absoluta, que se ía aprobar si ou si, como queda pouco tempo pretende traer a proposta por riba de todos en minoría e aprobala, dálle absolutamente igual o cal na miña opinión é un actitude un pouco kamikaze pero as consecuencias é que está tomando como refén á veciñanza, porque quen perdería un millón de euros non é o alcalde senón a veciñanza, o cal converte ao alcalde nunha caricatura d que criticou durante anos. Paréceme curioso que sexa a oposición quen teña que iniciar a negociación para aprobar un POS e non sexa o goberno, pero bueno, eu si se acepta esta emenda de substitución, non tería problema en aprobar, iso si aínda que se aprobe a Moción se o alcalde non encarga os proxectos, non trae esta proposta a pleno para a súa aprobación, supoño que está correndo o risco e asume cen por cen a responsabilidade, porque se lle advertiu dende hai meses, de que o Concello poida perder un millón de euros por primeira vez na historia.

A continuación intervén o voceiro do BNG, Sr. Louzao di que está de acordo con todo, pare isto unha poxa, di que está de acordo no que se dixo que é bastante curioso que sexa a oposición que teña que traer unha proposta inicial. Respecto do que trae o PP, estou de acordo con moitas delas, e alégrome

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: yKEWakQ+WZCL8RSll5z3
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

que haxa máis que asfaltados, como o tema de paneis informativos e sinalización porque é unha demanda que leva facendo o Bloque nos anteriores mandatos ou o da placa de numeración dos edificios, presentei unha Moción na lexislatura anterior e o PP daquela votou en contra, claro que estou a favor de todo iso, hai obras que sendo importantes habería que buscar outra vía de financiación mediante outras vías de subvención como poder ser o tema do ascensor da Casa do Concello ou a do Centro social de Calvos ou ao do Castro de San Sebastián. Eu o que propoño máis que estar a favor da Moción inicial ou da emenda de substitución respecto da cal cunha estaría de acordo e con outras non tanto, é facer unha xunta de Portavoces e a partir das propostas chegar a un acordo conxunto, porque eu tamén teño as miñas propostas, acordo unánime e o mellor posible, priorizando as obras porque sabemos que hai obras que van a quedar fora porque hai setecentos e pico mil euros, non hai máis, entendemos que é moi difícil chegar a un acordo aquí sobre a marcha.

O Sr. Alcalde di que lles parece unha Moción positiva xa que dalgunhas obras propostas xa hai proxectos redactados ca finalidade de buscar financiación vía distintas subvencións, estou falando en concreto da reforma integral da piscina, o Centro social de Circes e o entorno é unha demanda trasladada pola veciñanza ou as actuacións no polideportivo. Efectivamente estamos condicionados polo límite orzamentario, estamos totalmente de acordo en que se destine integramente a investimento, estamos falando 753.850 euros, hai cuestións como o do alumeado público no que o investimento se vai a un millón de euros, co cal o excede o importe do POS, non quita que haxa actuacións que poidan ser encaixadas como dicía o BNG noutro tipo de Programas de financiamento e cabe lembrar que o Concello ten un remanente, que a oposición me fai lembranza del, constantemente, entendemos que a súa función é investilos en inversións e servizos. Proxectos que teñan que decaer por cuestións orzamentarias xa podemos abrir a porta a utilización dese remanente, estamos de acordo e parécenos positiva a proposta, e como ben dixo son importes a tanto alzado e a vista está algún deles afastado do custe efectivo que vana ter as actuacións, non imos votar a favor por non comprometer estritamente eses importes, polo tanto ímonos abster.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo González, di que si estamos de acordo con aceptar as emendas presentadas polo Concelleiro Darío, coa finalidade de que saia adiante a proposta, estamos de acordo coa súa filosofía de meter obras importantes e que non todo sexan asfaltados. En canto ao tema de que hai actuacións susceptibles de ser tramitas como subvencións doutros organismos non me parece serio, que discutamos o tema do ascensor cando tiña que estar feito hai dez anos con toda a responsabilidade que lle compete ao goberno anterior, hai un proxecto redactado intentouse a través dunha subvención e non se acadou, propuxémolo aquí, hai un acordo plenario; ou tema do cruceiro de Calvos que levamos tres anos con el tirado. Para min estas dúas obras non son susceptibles de deixalas. Co mesmo argumento o ano pasado aprobouse unha senda na Toxa que si podía ser susceptible de ser realizada pola Deputación. De acordo en principio en que nun goberno en minoría tiña que haber unha xunta de portavoces, pero con nós o ano pasado non se contou para nada, entón con eses antecedentes non estamos dispostos a desistir con esta moción que presentamos. Estou de acordo que nos excedemos nos orzamentos, concretamente no tema do alumeado, non habería problema ningún en acometelo en fases e hai outra cousa o Plan Complementario non ten límite orzamentario, hai que consignar como mínimo un 25 %, pero non hai límite e quedarían aí para o adicional un e dous ou para ir a un suplemento de crédito, son obras financieiramente sostibles que entendo que se poden financiar con cargo ao remanente.

VOTACIÓNS

O alcalde di que o se somete a votación é a proposta coa emenda presentada polo Concelleiro non adscrito Darío Rey Suárez respecto da Moción presentada polo PP co seguinte contido:

1.º- Destinar integramente as achegas das anualidades 2025 e 2024, por un importe total de 753.850,11 euros, ao financiamento de investimentos en obras e servizos.

2.º- Propoñer a inclusión dos seguintes investimentos no POS+ 2025, fixando a súa prioridade pola orde en que se relacionan:
Investimentos xa acordados en pleno:

- *Mellora da seguridade viaria da pista de Andeade á Santaia, coa construción de sobreanchos entre 50 cm e 1 m por ambas marxes, a base de aglomerado asfáltico, nunha lonxitude de 1.700 metros: 45.000 €*
- *Instalación do ascensor na Casa do Concello: 60.000 €*

Local social de Circes e entorno

CVD: yKEWakQ+WZCL8RSll5z3
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- *Adecuación do anexo ao local social de Circes con actuacións de aislamento e equipamento enfocadas á posta en marcha dun espazo adicado a cociña e usos varios.*
- *Demolición muro perimetral lindante coa carretera no local Social de Circes e construción dun novo de cachotería que permita a súa utilización para sentarse.*
- *Tellar o local social de Circes e remate da parte exterior colindante coa carretera.*

Reforma integral do local- escola de Cornado en Cillobre

- *Reforma de todo o espazo coa finalidade de convertelo nun espazo de usos múltiples para uso veciñal.*
- *Habilitación de accesos e construción dun aparcamento que de servizo.*

Cambio da cuberta do polideportivo, climatización do ximnasio e mellora do sistema de auga quente sanitaria.

Investimentos Patrimonio:

- *Intervención arqueolóxica no Coto de San Sebastián*
- *Reparación do cruceiro de Calvos: 15.000 €*

Reparación integral da piscina municipal: 100.000 €

- *Construción dun vaso infantil*
- *Cambio azulexo fondo vaso piscina*
- *Recolocación das baldosas pavimento exterior con caída cara o vaso piscina (450 m2)*
- *Reparación canal de desborde piscina.*
- *Substitución placa sala depuradora e construción porta de acceso lateral*
- *Reparación teito edificio servizos*
- *Reparación toma barredora*
- *Reposición das placas solares para auga quente.*

Alumeado público: 200.000 €

- *Conversión a led dos alumeados que faltan e substitución dos cadros de mando, conforme ás recomendacións da auditoría realizada.*

Pavimentación de viales: 200.000 €

- *Pista de Vilanova a Louredela e pista desde a anterior a Loureda: lonxitude total 850 m, construción de sobreanchos, plataforma de 4 m, con aglomerado.*
- *Acceso nas Quintás (Circes), 50 m, formigón*
- *Acceso na Gordela, asfalto (90 x 2,84), asfalto*
- *Acceso fonte da Muiña, 60 x 3, asfalto*
- *Acceso campo de fútbol de Loxo, 60 x 4, aglomerado*
- *Aglomerado da pista que une O Gandarón coa Fonte de Cillobre en Cornado.*
- *Camiño interior Os Chaos con aumento do ancho ao máximo e mellora do firme.*

Sinalización integral do Concello de Touro: 250.000 €

- *Colocación de paneis informativos cos datos de cada parroquia*
- *Sinalización direccional das parroquias e aldeas do Concello*
- *Placas de numeración das edificacións do Concello.*

3.º- Redactar os proxectos técnicos dos investimentos aprobados, distribuíndo os mesmos por anualidades, tendo en conta as cantidades asignadas a cada unha, e ao plan complementario, tendo en conta que os destinados á anualidade 2024 e ao plan complementario deben ser investimentos financeiramente sostibles.

4.º- Que se emitan os informes técnicos e xurídicos (Anexos V e VI), acordo sobre a non división en lotes (Anexo IX), xustificación dos investimentos financeiramente sostibles (Anexos VII e VIII) e demais esixidos nas bases que regulan o POS+ 2025.

5.º- Redactada e emitida a documentación anterior, someter á aprobación do pleno o expediente de solicitude de participación no Plan único de concellos (POS+ 2025).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: yKEWakQ+WZCL8RSll5z3
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A proposta coa emenda presentada polo Concelleiro non adscrito Darío Rey Suárez respecto da Moción presentada polo PP, resulta aprobada pola maioría absoluta, por sete votos a favor (5 dos Concellerios do PP, 1 do BNG e o Concelleiro non adscrito), e catro abstencións (3 concelleiros de MVXT e o Concelleiro do PG), sendo once o número legal de membros da Corporación.

5.2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A PRESENTACIÓN DE ALEGACIÓNS Ó PROXECTO DE REAPERTURA DA MINA.

INTERVENCIÓNS

O voceiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Reboredo González, defendeu a seguinte Moción.

MOCIÓN PARA A PRESENTACIÓN DE ALEGACIÓNS Ó PROXECTO DE REAPERTURA DA MINA, que presenta o grupo municipal do Partido Popular, conforme ao previsto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa inclusión por urxencia na orde do día do pleno ordinario do 9 de xaneiro de 2025:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Diario Oficial de Galicia nº 226, do 22 de novembro de 2024, publícase o anuncio da Consellería de Economía e Industria, polo que se somete a información pública o proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L., por prazo de 30 días hábiles, que foi ampliado ata o día 31 de xaneiro en curso.

Desde o grupo municipal popular temos manifestado o noso apoio á autorización do citado proxecto, que contempla a actualización do proxecto de explotación e o plan de restauración da concesión de explotación San Rafael, en base ás seguintes liñas argumentáis:

- É a única alternativa para a solución dos problemas medio ambientais creados pola antiga explotación minera e polas actividades que se realizan nos terreos da mina, e

- O proxecto supón unha fonte de riqueza para o Concello e a comarca, tanto desde o punto de vista laboral como económico e social. Co ánimo de mellorar o proxecto propoñemos a aprobación dos seguintes acordos e alegacións: PROPOSTA DE ACORDO:

1.º- Subscribir un convenio coa promotora Cobre San Rafael SL, a fin de desenvolver a proposta incluída no proxecto para a mellora e ampliación da rede de abastecemento municipal, consistente en:

- Actuacións de mellora do azud e estación de bombeo do río Lañas.

- Mellora da liña de impulsión desde a captación ata a ETAP para aumentar a súa capacidade.

- Extensión das liñas de abastecemento en Loxo para dar subministro ós veciños que carecen de conexión á rede municipal.

- Solicitude polo Concello a Augas de Galicia para aumentar a concesión de auga abastecemento.

- Asunción pola promotora do pago dos consumos de auga municipal dos veciños que ata o de agora tiñan captacións privadas, como compensación pola perda destas captacións.

- Posibilidade subministrar auga para regadío e outros usos, aos afectados pola perda de captacións.

2.º- Presentar como alegación ó proxecto a esixencia de que a empresa promotora Cobre San Rafael (CSR no sucesivo) asuma os seguintes compromisos:

a) Compromiso da empresa promotora CSR de fixar o domicilio social no Concello de Touro, con sede nas propias instalacións da explotación, que suporá para o Concello de Touro uns ingresos de máis de nove millóns de euros, entre recadación de impostos e achegas por responsabilidade social corporativa.

b) Compromiso de CSR de dar prioridade na contratación de persoal ós veciños máis próximos, ofrecendo formación previa, e repartindo a oferta de forma proporcional entre os concellos de Touro e O Pino.

c) Compromiso de CSR cos autónomos e empresas da zona, dentro do posible, para a compra de subministros e contratación de obras e servizos.

d) Compromiso de CSR de trasladar as instalacións de TEN SL a un lugar máis idóneo, de forma que nova ubicación esta a máis dun quilómetro dos núcleos de poboación.

e) Compromiso de CSR de usar o acceso Sur (polo lugar dos Torreis) só como acceso de

CVD: yKEWakQ+WZCL8RSll5z3
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

emerxencia, para evitar o tráfico pesado polos núcleos afectados.

f) Compromiso de CSR para que se contrate un organismo de control externo independiente, que verifique a execución correcta do proxecto, perímetro de afección e vixilancia ambiental: biodiversidade, ruídos, vibracións, po, augas, etc.

g) Compromiso de CSR para a participación dos concellos de Touro e O Pino na actualización do plan de restauración.

h) Compromiso de CSR para levar a cabo as actuacións previstas no programa de responsabilidade social corporativa, denominado "Terras".

O voceiro do BNG, Sr. Xoan Louzao, di que cando leu a proposta cando se enviou hai menos de dúas horas, teño que recoñecer que me quedei un pouco sorprendido porque pensei que non se podía chegar a tanto, non vós da un pouco de reparo poñer asunción pola promotora do pago dos consumos de auga municipal dos veciños que ata o de agora tiñan captacións privadas, como compensación pola perda destas captacións, como se pode denigrar así a uns veciños, a min daríame moito reparo presentar isto, ou posibilidade subministrar auga para regadío e outros usos, aos afectados pola perda de captacións, é dicir, sácoche a auga pero agora vamos cha a pagar, me parece incrible, un pouquiño máis de vergoña habería que ter, é tratar aos veciños como se foran aboríxenes no sentido máis peiorativo da palabra, sen contar con que a empresa xa di que vai facer medidas compensatorias pero non di de onde vai sacar a auga que fai falta que é o gran problema.

En segundo lugar, vós mesmos con esta proposta de presentar alegacións e esixir unha serie de compromisos sodes os que estades dando pé a que vos mesmos non credes na empresa, porque se eu crera no que pon a empresa non teño porque esixirlle o que di que vai facer, pero vós sabedes moi ben que a empresa non o vai a facer e asumides implicitamente que é un proxecto moi prexudicial para Touro, por eso lle esixides á empresa unha serie de compensacións: No fondo estades buscando xustificacións á vosa postura de estar a favor da mina sexa a costa do que sexa porque supoño que será o que vos di o PP, porque o PP está moi a favor deste tipo de proxectos altamente impactantes, espoliadores e que riqueza aquí cero.

Evidentemente imos votar en contra e nos parece unha proposta moi atrevida pola vosa parte, no peor sentido da palabra.

O Concelleiro non adscrito, Darío Rey di que o Concello non ten que pedirlle nada a Cobre San Rafael, creo que non hai ningún interlocutor válido, máis que nada porque a día de hoxe non ten ningún proxecto aprobado, segue presentando un proxecto que segue sendo lamentable; bueno si que lle pediría unha cousa, que se vaian de aquí.

O Sr. Alcalde di que por ceñirse á proposta no primeiro apartado fala de subscribir un convenio coa promotora Cobre San Rafael SL, a fin de desenvolver a proposta incluída no proxecto para a mellora e ampliación da rede de abastecemento municipal, é curioso porque no pleno anterior pedín unha rectificación do promotor respecto de cuestións que inclúe no proxecto que son falsas, non sei se a raíz diso ven esta proposta. O alcalde e o grupo de goberno é coñecedor de primeira man desa proposta porque lla trasladou directamente a empresa e a resposta que levou do goberno e que esa proposta é inexecutable e ilegal porque incumpre as condicións de abastecemento que están aprobadas polo Concello da rede de abastecemento municipal. Curioso que na proposta se inclúa unha infraestrutura dentro das instalacións da mina, polo que non é unha infraestrutura pública, polo tanto non forma parte da rede pública, se se executa o proxecto e ten dereito a que se lle subministre auga en condicións asimiladas ao uso doméstico que permite o regulamento, subministráraselle cun contador e unha caixa como calquera outro usuario e instalarase no punto máis próximo a vía pública e non se lle vai levar a uns centos de metros.

Reitero e aproveito para pedirlle a Cobre San Rafael que na futura exposición pública do proxecto, que seguramente vai ter que volver a iniciar, como xa iniciou hai tres semanas a raíz da comunicación de defectos por parte do Concello, volveu comunicar defectos á Consellería na nova exposición pública, co cal cremos que vai ter que iniciar o procedemento, reitérolle que rectifique as falsidades

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: yKEWakQ+WZCL8RSll5z3
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

que contén o proxecto.

Respecto do segundo punto, o papel terma cos ceros que lle poña, o Concello vai seguir sobrevivindo con ou sen mina, non pode esixir que o Concello subscriba un convenio a cegas, a partir dun proxecto inexecutable, polo tanto non hai outra cuestión máis que votar en contra.

O Sr. Reboredo González, voceiro do PP, di que empezando por esto último, todas estas obras financiarías a empresa, polo tanto, esa referencia que fai o alcalde a esa infraestrutura dentro da mina non terá ningún custe para o Concello como non o terá as melloras de bombeo, canalización. Segundo tema, non é discutible o problema que ten o bombeo, a sección de tubería, as limitacións da estación depuradora. Dicía Xoan Louzao que non auga, eso non é certo, o Concello ten unha concesión de auga pequena, que por certo debe solicitar a ampliación; segundo pensamos que o río Lañas ten caudal suficiente para satisfacer as necesidades de Touro, se estamos competindo con EXGA que está bombeando o dobre que o Concello e aínda así sobrevivimos e practicamente a mina non vai consumir auga porque o van a facer en ciclo pechado coa auga que teñen eles, se houbera competencia de consumo tería preferencia loxicamente o consumo humano, non hai dúbida ningunha, non poderían bombear auga nunha época de seca. Non me vou a reiterar nos motivos porque estamos a favor do proxecto, porque non hai alternativa, senón que se me diga que actuacións se intentaron neste corenta anos dende o peche da anterior mina; me gustaría que alguén me dixera cal é a alternativa, dicir o outro día que había que esixirlle ao propietario, agora, corenta anos despois pregunto, ou se pretende seguir contaminando porque non nos engañemos nadie lle vai esixir nada ao propietario, hai que elixir e a única alternativa e aprobar este proxecto, cremos no proxecto pero nos parece ben que a Comunidade Autónoma esixa determinados compromisos. Somos membros do Grupo do PP de Touro e algúns somos afiliados ao PP pero iso non que quere dicir que a nós se nos diga todo o que temos que facer, temos unha certa independencia e criterio para tomar as nosas propias decisións, procuramos coincidir co noso partido, pero non co que non estamos de acordo e habería que despolitizar este tema da Mina.

O alcalde di que o debate deberíase centrar no debate da Moción.

O Sr. Reboredo, voceiro do PP di que creo que debemos revisar as nosas posturas e ver cales son intereses reales dos veciños de Touro, de toda a Conca do Ulla rio abaixo.

O Sr. Louzao, voceiro do BNG, di que non hai problema de auga en Touro, fale no verán cando sae un bando todos os anos de que hai que aforrar auga, varios veráns en que hai que traer auga en cisternas, póñalle a iso a auga que vai necesitar a empresa. A alternativa é moi simple, cumprir a lei, de feito esta empresa xa tivo multas por verquidos e facendo obras, drenaxes, depuradora para cumprir a lei como todos os demais. Respecto de que a única posibilidade que ten a empresa para que cumpra a lei e deixarlle que faga un novo proxecto, iso é un atrevemento grande, ademais de que as obras que di facer non están orzamentadas o cal é moi curioso. Vostedes poden defender a mina, pero o que non podemos é negar a realidade, a realidade é que auga é unha problema moi serio en Touro, que esta empresa e esta actividade é moi contaminante, de feito en Europa a día de hoxe é moi difícil que aproben unha mina a ceo aberto destas características pegadas as casas, a regatos e augas, eso hoxe é completamente anacrónico.

O sr. Alcalde di que o relato de que a empresa promotora lle vai subministrar auga á veciñanza afectada que vai perder as súas captacións, sorprende que veña agora no 2025 a este pleno, é unha cuestión que a empresa xa barallou no ano 2018, non os convenceu, por eso trata o PP agora reforza e co amparo do Pleno lle da credibilidade e a veciñanza traga. Fronte a eso o posicionamento do goberno e está traballando niso é que ten contratada unha empresa para facer os informes e alegacións pertinentes, e dentro diso vaise facer unha reunión coa veciñanza para explicarlle e axudarlle na defensa dos seus dereitos adquiridos, ímonos poñer no lado da veciñanza que creo que é onde deberiamos estar todos, son o alcalde dos veciños, non o representante comercial de ningunha empresa. Respecto das carencias da rede de abastecemento a perspectiva do goberno e tratar de emendar esas deficiencias históricas é subsanalas dende unha perspectiva sen mina, non está esperando pola mina para subsanar esas deficiencias.

VOTACIÓNS

Procédese á votación da Moción, resultando rexeitada pola maioría absoluta, por cinco votos a favor dos Concellerios do PP, por seis votos en contra (tres concelleiros de MVXT, o Concelleiro do PG, o Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito), sendo once o número legal de membros da Corporación.

CVD: yKEWakQ+WZCL8RSll5z3
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

5.3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A COLOCACIÓN DE PANCARTA E BANDO CONTRA A REAPERTURA DA MINA.
INTERVENCIÓNS

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Xoan Louzao, di que no pleno anterior foi aprobada unha Moción presentada polo BNG que entre outras cousas estaba que o Pleno do concello de Touro manifestaba a súa oposición ao proxecto de reapertura da explotación mineira. Como consecuencia deste acordo plenario fixen unha proposta polo portal electrónico do Concello para que o Concello poña unha pancarta na casa do concello de Touro na que se manifeste a oposición a este proxecto de reapertura da mina e publique un bando no que se informe á veciñanza de que o concello de Touro pon a disposición de todos os veciños e veciñas un modelo de alegacións para que quen o desexe poida presentalas. Non tiven resposta e polo que traio esta Moción co seguinte contido:.

Como é sabido, está a exposición pública o proxecto de reapertura da explotación da mina para a extración de cobre nos concellos de Touro e O Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L. rematando o plazo para presentar alegacións ao memo o próximo 31 de xaneiro.

No pleno ordinario do pasado 13 de decembro de 2024 aprobouse unha moción presentada polo grupo do BNG no que se solicitaba entre outras medidas que: "o pleno do concello de Touro manifesta a súa oposición ao proxecto de apertura da explotación mineira tanto polas súas graves afeccións ambientais como pola hipoteca que suporía no desenvolvemento económico do concello."

En virtude deste acordo, e como medidas que poidan facelo efectivo para manifestar o claro rexeitamento do concello, así como para facilitar o labor dos veciños e veciñas que queiran presentar alegacións a este proxecto é polo que se solicita ao pleno da corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Desplegar unha pancarta na casa do concello de Touro na que se manifeste a oposición a este proxecto de reapertura da mina.

2. Publicar, por parte da alcaldía, un bando no que se informe á veciñanza de que o concello de Touro pon a disposición de todos os veciños e veciñas un modelo de alegacións para que quen o desexe poida presentalas, ben no propio rexistro do concello ou en calquera outro aceptado en dereito.

Cremos que non vale só con dicir non a mina senón que o Concello ten que levar a iniciativa e ser a voz dos veciños e das veciñas, a empresa xa ten moitos alto falantes, institucionais, sociais e mediáticos, non vemos que o grupo de goberno teña unha actitude dinámica neste aspecto , senón de poñerse de perfil, di que non a mina pero na maneira de actuar con contundencia non o fai, se o grupo ao que vostede pertence cando estaba na oposición era moi belixerante coa mina so lle pedimos que agora que está no goberno cambie de postura e se poña medio de lado ou máis sumisa, senón que siga sendo exactamente igual de belixerante contra este proxecto. Ter a valentía de poñer unha pancarta en contra da mina que se vexa claramente e este bando, pedimos que o Concello actúe activamente e enerxicamente.

O Sr. Reboredo González, voceiro do PP, di que non están de acordo loxicamente coa proposta, habería que matizar, xa que o Concello debería representar a vontade da maioría dos veciños de Touro e aquí parece que se da por suposto que a maioría dos veciños están en contra da mina, a min gustaríame saber en base a que se traslada aquí que a maioría dos veciños están en contra da mina, o que si é verdadeiramente é un contrasentido é que o Concello representante dos veciños estea en contra da mina e a maioría dos veciños ao mellor está a favor, non imos organizar un referendum, pero gustaríame sabelo porque hai unha maioría silenciosa que non opina. Igual que comparto a visión de Xoan da postura de perfil que ten o goberno municipal, a impresión que teño é que aparentemente está en contra e quere gardar as formas, e que lle traian a mina os demais e sacar os beneficios da mina, teño esa impresión. Pareceríame non respetar a vontade dos veciños a colocación dunha pancarta aquí nunha Casa que representa a totalidade dos veciños de Touro e hai moitísimos veciños de Touro que están a favor do proxecto. Creo que non se pode levar a práctica

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: yKEWakQ+WZCL8RSll5z3
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

isto; o alcalde, o BNG, a nivel persoal ou de Grupo político poden manifestar a voluntad que queiran, agora ben a Corporación é unha institución e cando se posicione debería representar unha maioría moi importante dos veciños para tomar unha decisión desta categoría e eu teño serias dudas que sexa maioritaria esa opción de estar en contra da mina. Por estes motivos nos opoñemos a esta Moción.

O Sr. Louzao, voceiro do BNG, fai dous matices, primeiro o da maioría silenciosa, está ben porque iso o que dixo no 2017 a empresa continuamente o que xa di algunhas cousas e segundo sobre as maiorías, aquí hai un acordo plenario polo que hai que ser un pouco valentes.

O sr. Alcalde di por alusións que o alcalde nin ve os beneficios nin os espera, si coñezo e teño manifestado e exposto e defendido os problemas. Respecto da belixerancia ou non do alcalde co proxecto, considero que está sendo todo o belixerante que é posible e é máis belixerante que cando estaba na oposición por que ten máis medios, máis recursos e máis capacidade, cando na oposición a capacidade era pouco máis que o ruído; me remito aos feitos, por exemplo revisar a documentación, estar pendiente dos defectos da exposición publica, solicitar que novamente se someta a información pública e estar a disposición da veciñanza na defensa dos intereses comúns e nos intereses do Concello.

Efectivamente hai que diferenciar entre o concello como institución e o alcalde, de feito o alcalde ten traído aquí propostas nas cales o resultado ten sido non a proposta do alcalde; polo que a institución o que ten que representar e trasladar e a posición da Corporación e neste senso senón hai ningún impedimento legal farase no sentido e nos termos en que institucionalmente é unha manifestación da vontade da Corporación neste momento, trasladar ese acordo e posicionamento a parte visible da institución entendemos que se pode facer.

Respecto do punto 2 de poñer a disposición modelos de alegación, teremos que concretar que modelos, en todo caso si pode poñer a disposición a partir de mañá nas dependencias municipais é un espazo no que poidan ter cabida os distintos modelos de alegacións, a alegación que loxicamente propón a alcaldía é a que vai presentar o Concello no seu momento e que neste intre non está ultimada, o que si poñemos a disposición é este espazo, creo que a forma máis correcta, de todas formas durante a execución do acordo xurde outro xeito de facelo, estamos abertos e a finalidade que da clara.

VOTACIÓNS

Procédese á votación da Moción, producíndose un empate: cinco votos a favor (tres concelleiros de MVXT, o Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito) cinco votos en contra dos Concelleiros do PP, e a abstención do Concelleiro do PG, sendo once o número legal de membros da Corporación.

Polo que se procede a unha segunda votación, co mesmo resultado, polo que a Moción resulta aprobada polo voto de calidade do alcalde.

6 ROGOS E PREGUNTAS.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo González, realiza as seguintes preguntas.

1. Referente á pista de Circes a Xunqueira, en pasados plenos viñemos poñendo de manifesto as carencias ou obras que non se executaban previstas en proxecto, despois de moito insistir, houbo un informe da dirección de obra no que efectivamente se recoñecía que non se habían executado os sobreanchos, nos seguimos denunciando que aparte dos sobreanchos tampouco se executaron os tres saneamentos previstos e loxicamente se non se executaron estas partidas tampouco sentido xustificar as partidas de zahorra e de grava, porque onde se meteron? Esas partidas que ao noso entender non se executaron superan en presupuesto de execución material sen impostos máis de dez mil euros. O outro día fixemos unha pregunta a que respostou o sr. alcalde que pasaba a mesma a dirección de obra, pero nese momento que nós non o sabiamos, pero o sr. alcalde si o sabía porque habían aprobado na Xunta de Goberno do 5 de decembro unha certificación única de obra xustificando o 100 % do prezo de adxudicación. Nós presentamos un recurso de reposición que supoño que irá durmir ao limbo, contra esto. Eu vou pedir os expedientes para ver as relacións valoradas das certificacións de obra, pero eu en ningún lado vin que haxa un modificado do proxecto, que se xustifique a onde foron os cartos das partidas que non se executaron, salvo que o sr. alcalde me convenza, reservámonos o uso de emprender outro tipo de actuacións legais, porque para nós esto, se temos razón, é un claro exemplo de malversación de fondos públicos polo que eu quero que

CVD: yKEWakQ+WZCL8RSll5z3
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

se me demostre sobre o terreo onde están esas partidas executadas. Que despois dos antecedentes e das denuncias que nós vimos facendo, sorprendeume que por parte da alcaldía e da dirección de obra se certifique con esa alegría a totalidade das obras, eu alo menos trataría de xustificar que eses cartos se meteron noutras partidas, pregunto cales son os motivos polos que se aprobou esta certificación con estes antecedentes.

2. Practicamente a mesma exposición para a Pista do Pinar que un parcial incluído no proxecto Pavimentación interior en Mourelos, hai unha gabia prevista de case 500 metros no proxecto que non se executou e o técnico directos de obra no seu informe omite por completo, nin o menciona e tampouco explica se houbo modificado de proxecto, se se xustificaron outras partidas por aumento e estamos no mesmo problema.

3. Levo observando hai unha temporadiña, na páxina web do Concellos suprimíronse os enlaces á sede electrónica, a APP de Turismo, cales son as razóns?

4. Vimos observando hai un tempo tamén que en determinados documentos do Concello e en soportes como lonas publicitarias estase suprimindo a corona grande do escudo do Concello, preguntamos con que fundamento se suprime esa corona do escudo.

5. Despois do problemático que resultou a tramitación do expediente de contratación do servizo de axuda no fogar, encontrámonos con que a empresa actual adxudicataria non participa na contratación, a min sorpréndeme enormemente ese tema, había incluso o acuerdo da empresa coa parte sindical das traballadoras sobre ese acordo de melloras en xornada e outras cuestións e agora resulta que esa empresa que asina ese acordo, non se presenta. Quería saber si o alcalde coñece os motivos de porque a empresa actual prestadora do servizo non se presentou á licitación.

6. Dende o día 19 de decembro no Centro de Saúde non hai pediatra por xubilación da titular, o servizo xa se viña prestando só dous días á semana, agora están desviando os nenos ao médico de cabeceira e as perspectivas segundo se nos comenta e que van a tardar en nombrar unha pediatra nova, preguntamos se dende a alcaldía se fixo algún tipo de xestión para solucionar este problema.

O Alcalde resposta as preguntas do seguinte xeito:

1. Loxicamente déuselle traslado de esas cuestións á dirección de obra para que informe, porque é a competente e responsable. Respecto do recurso de reposición non vai durmir, e vaiselle dar traslado á dirección de obra porque é a actora principal, a responsable e a quen lle compete a redacción das certificacións e facer as comprobacións. Os feitos de ser así, como relata, son de graves para arriba, que se certificasen partidas de obra que non foran executadas, pois loxicamente iso é gravísimo e polo tanto créame que non, que de ningunha maneira vai durmir, polo interés non só da oposición senón tamén polo goberno que é a quen lle compete velar polo debido cumprimento da lei.

2. Dóuselle traslado á dirección de obra e non se recibiu informe, igual que no caso anterior, tan pronto como teñamos os informes, remitiránselle aos grupos.

3. A APP de Turismo, xa cando estabamos na oposición denunciabamos constantemente que non funcionaba, sen actualizar e non se descargaba, polo que na actualización da web suprimiuse entre outras cuestións porque os espazos dos banners nese formato son limitados e eran necesario incluír outras pestañas, e como non estaba operativa por iso se exclueu.

O enlace a sede electrónica non me consta que falte. Agradézollo, revisaremos.

4. A cuestión da coroa, será por unha cuestión estética do formato de cando se fan as distintas impresións.

5. O alcalde loxicamente non ten nin idea nin lle interesa o motivo, só faltaría que o alcalde lle preocupase e se interesase que empresas se presentan ou non a unha licitación, se precisamente as licitacións son para que se presenten as empresas de maneira aberta. O alcalde nin reparou nesa cuestión, nin lle ocupa nin lle preocupa.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: yKEWakQ+WZCL8RSll5z3
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

6. Respecto da cuestión da pediatra e algo que xa non é novo, de feito o verán do 2023 xa se presentou petición á Xerencia para que repuxera a pediatra e falo de memoria, neste mes de setembro volveuse a reiterar a petición, e eso si, en todos os casos sen obter nin sequera resposta, pero reiteraremos a petición.

No turno de preguntas do grupo municipal do BNG, o Sr. Xoan Louzao, formula as seguintes:

1. É referente as facturas que se pagaron en agosto de 2024 pola traída de auga en cisternas para o Concello, debido á baixada dos niveles dos depósitos por dúas avarías, dende o Concello solicitóuselle a empresa concesionaria que lle pasara a estas dúas empresas o pago por compensación desas facturas, quería saber como estaba a tramitación desta cuestión. E tamén se hai algunha factura pendente de pago deste subministro de auga en cisternas.

2. Vai relacionada coa empresa adxudicataria da carpa, desistiu desta concesión, o concello iniciou un procedemento de imposición de penalidades polo incumprimento deste contrato, como está ese proceso, se xa rematou, se a empresa xa pagou .

3. A empresa a que se lle adxudicou as actividades deportivas, tampouco presentou a documentación que tiña que presentar, na práctica desistiu de levar a cabo esta adxudicación e o Concello empezou tamén un procedemento de penalizacións, pregunto como está esto.

4. Estas tres preguntas que acabo de facer lévame a outra pregunta, a min si me preocuparía que empresas se presentan as licitacións, pregunto como é posible que tantas licitacións que se fan aquí ou quedan desertas ou as empresas desistan de levar a cabo os contratos. Estou anonadado, pola cantidade de empresas coas que pasa isto, eu non sei cal é o problema, hai un problema de recursos que se están utilizando e tempo para que logo as empresas non o fagan. Pregunto se o alcalde fixo algunha reflexión ou se pregunta porque está pasando esto no Concello, algo que normalmente non ten que pasar, ou que van a facer para que isto non siga sucedendo.

5. Referida ao pasado día de Reis, porque non se buscou unha persoa de raza negra para facer de Rei, a estas alturas considera normal que para facer de rei negro se leve a unha persoa de raza negra , eu creo que é unha mostra de indignidade para os negros e case de racismo, pintar a xente de negro eu non o vexo de recibo, non falo da persoa que fixo de rei senón do feito en si; esto é unha pregunta pero case vai nun rogo, que non se volva a repetir e xa adianto eu anda que non hai persoas que encantadas con todas as condicións, como se hai que pagar, perfecto, tamén é unha maneira de integrar; pido un pouquiño de respeto e dignidade.

Un rogo, o contedor de vidro que hai na aldea de Vilar, creo que leva máis de dous meses cheo, polo que por favor se retire.

O Alcalde resposta as preguntas do seguinte xeito:

1. O Concello non pide nada a esas empresas nin tampouco que a concesionaria llo reclame, o Concello fixo uso de abastecemento de auga a través de cisternas porque había deficiencias de caudal e a empresa concesionaria negouse a facer esa reposición de caudal, porque entendía que tiña que facelo o concello, a empresas concesionaria culpa e xustifica en parte a falla de auga as avarías que causaron dúas empresas de telecomunicacións, esa é unha cuestión entre a concesionaria e esas empresas: O que fixo o Concello foi reclamarlle as facturas do trasporte de auga e da auga que solicitou o concello porque a empresa concesionaria se negou e ante a imposibilidade de garantir o servizo á veciñanza o concello decideu encargar a auga, e entendemos que ese subministro lle corresponde pagalo a empresa concesionaria porque está cobrando aos usuarios por esa auga que o Concello pagou e que lle custou cero producila, a reclamación é esa, que lle abone esas cisternas, non ten nada que ver porque houbo esa deficiencia nin que a empresa Espina e Delfín lle reclame a esas operadoras.

O Sr. Louzao di que a segunda vez que pregunto por isto e é a segunda vez que me contestas o mesmo, chegas ao final facendo a pregunta que fago eu, quero que me respondas á pregunta de como está ese trámite.

Espina e Delfín presentou unha alegación opoñéndose a reclamación, o concello solicitou informe ao servizos xurídicos da Deputación e en base a iso tomar as decisións que correspondan por parte do goberno, estamos a espera dese informe xurídico.

No verán do ano 2023 Espina e Delfín recorreu ao subministro de auga a través de cisternas en torno a noventa, cen mil euros, quen fixo o encargo foi Espina e Delfín, non houbo nin participación nin

CVD: yKEWakQ+WZCL8RSll5z3
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

coñecemento por parte do Concello do abastecemento que se facía, abastecemento que lle custa cero euros á concesionaria e lle cobra aos usuarios polo prezo que está establecido. A empresa subministradora da auga en vez de enviarlle as facturas a quen lle encargou o subministro, remiteullas ao Concello, o Concello entende que non lle corresponden senón a Espina e Delfín e por iso están pendientes de pago e a espera do informe dos servizos xurídicos da Deputación.

O Sr. Louzao di, entón Espina e Delfín solicita pola súa conta e risco, sen falar co concello.

O Sr. alcalde di que máis ou menos foi así. Os feitos están aí e como está documentado o Concello nunca fixo petición desa auga, non ten control sobre a auga que se subministrou e esa auga está sen pagar.

O Sr. Louzao di que o seguinte paso será logo abrirlle un expediente á empresa concesionaria, se actuou pola súa conta e risco, porque iso é o que está facendo vostede abrirlle procedementos de imposición de penalidades, está será a seguinte, estamos falando de cen mil euros.

2. A empresa pagou a penalización, pedira o fraccionamento, rexeitóuselle porque a documentación tiña defectos e finalmente pagou.

3. Respecto da empresa que desisteu das actividades deportivas inicióuselle expediente de imposición de penalidades conforme a lei de contratos, a empresa presentou alegacións e estas fóronlle rexeitadas.

4. Respecto de porque hai contratos que quedan desertos, á parte administrativa do concello non lle fai ningunha gracias facer o traballo para que logo non teñan o fruto que se pretende que é obter a contratación, eso dende logo, os pregos loxicamente son redactados polo persoal técnico do Concello co cal a capacidade do alcalde é ningunha basicamente polo descoñecemento, polo o único que se fai é resolvelos conforme á lei.

5. Comparto a reflexión e tomamos nota.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 23.00 horas do 9 de xaneiro de 2025.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente

CVD: yKEWakQ+WZCL8RSll5z3
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)